



**APACAF**

Asociación de Pais de Persoas con Trastorno  
do Espectro Autista de Centros de Apoio Familiar

## **POLITICA DE CALIDADE DE APACAF**

**APACAF** é unha Organización sen ánimo de lucro (ONL), que ten como misión:

*Mellorar a calidade de vida das persoas con Trastorno do Espectro do Autismo (TEA) e as súas familias mediante servizos especializados e centrados na persoa co obxectivo de acadar os maiores niveis de autonomía persoal, inclusión social, integración laboral, saúde e benestar, e igualdade a través de proxectos de vida individualizados, integrados nunha contorna natural en grupos reducidos e nun ambiente familiar.*

Os servizos ofertados por APACAF son axeitados para desenvolver esta misión a través de proxectos de vida ou planificacións individuais para cada persoa usuaria co obxectivo e fin último de **acadar os maiores niveis de autonomía persoal, inclusión social, integración laboral, igualdade e saúde e benestar para as persoas con TEA.**

**APACAF** pretende que estes servizos sexan sinónimo de confianza para os seus clientes, pola súa calidade, comprometéndose a realizar as súas accións, segundo os requisitos acordados con cada un dos seus clientes, cumprindo a normativa que puidera ser aplicable e mellorando continuamente a eficacia do Sistema de Xestión da Calidade implantado.

Ademais os centros de APACAF, queren ser proactivos en canto ás demandas dos seus clientes, mantendo unha comunicación fluída e aportando a súa experiencia no sector.

**APACAF** comprométese a coidar que sexan *respectadas e cumpridas as directrices da norma de calidade de referencia, así como as disposicións descritas* na documentación do Sistema de Xestión da Calidade, contando coa colaboración da persoa Responsable de Calidade de APACAF e poñendo todos os medios necesarios para o seu cumprimento.

Asdo. M<sup>a</sup> José Ferradáns Villar  
PRESIDENTA